

# ACTUACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Ano 2008





## Sondaxes arqueolóxicas mecánicas na rúa Montero Ríos 91, Bueu

ÁNGEL CONCHEIRO COELLO

Osoar obxecto de intervención sitúase na rúa Montero Ríos, na fachada marítima da vila de Bueu e na área de protección dun coñecido xacemento de Época Romana, o forno e alfar de San Martiño de Bueu (GA36004011).

É un soar de superficie trapezoidal que albergaba varias estruturas e que configuraba un conxunto moi interesante desde o punto de vista da arquitectura popular e a historia do lugar: unha construción vilega de balcón corrido na fronte da praia, unha casa do tipo de patín na traseira e no medio un gran patio lousado con pendellos e alpendres. Todo parecía indicar que nos atopabamos diante dos restos dunha antiga factoría de salgadeira, seguindo unha tradición fortemente enraizada nesta vila.

### PLANO DE TRABALLO

A intervención arqueolóxica consistiu na realización de catro sondaxes mecánicas no interior da parcela. A sondaxe 1 (S1), de 3,00 x 2,50 m, levouse a cabo no extremo sur da parcela, xusto na fronte dunha construción adxectiva na que ían dúas sondaxes que non se realizaron porque ao final, esta construción, de tipoloxía tradicional, non foi derrubada. A sondaxe 2 (S2) proxectouse aproximadamente na parte central do soar, un pouco desprazada ao leste co fin de evitar os alicerces dun gran muro pertencente á edificación moderna. Como a anterior, planeouse como unha cuadrícula de 3,00 x 2,50 m, e tamén foi escavada por medios mecánicos. A sondaxe 3 fíxose ao norte, no espazo ocupado pola vivenda demolida e no lugar máis próximo á liña de costa actual. Orixinalmente era unha cata de 2 x 2 m que houbo que ampliar durante a escavación ata os 3 x 2,50 por mor das derrubas de cascallo dun dos perfís. A sondaxe 4 (S4), por último, abriuse paralela á anterior e ten as mesmas dimensións.

### RESULTADOS


A intervención arqueolóxica non localizou ningún tipo de resto, estrutura arqueolóxica ou indicio de actividade de Época Romana, malia a superficie aberta, moi representativa da totalidade do soar, e ter afondado no nivel de praia fósil, por baixo da cota prevista na obra.

Pola contra, a sondaxe 2 localizou unha estrutura arquitectónica formada por un muro de pedras poligonais de cantería que ocupa o perfil sur da cata de sondaxe. As pedras son regulares, de boa cantería e asentadas cunha capa moi fina de argamasa, o que constitúe unha parede perfecta-

mente estanca. A parede estaba rematada por unha lousa plana a nivel do chan co bordo inferior con catro rebaixes cuadrangulares. Esta peza asentábase sobre unha magnífica peza de cantería: un perpiaño de 200 x 44 cm e forma rectangular que tiña nos seus lados curtos rebaixes e resaltes para acoplar táboas. A parte inferior tamén era de perpiaño, pero de moita peor calidade.

A estrutura localizada na sondaxe 2 son os restos dun pío de salgadura. Os píos das salgaduras eran estruturas escavadas nas que se introducían as sardiñas en salmoira. Tiñan unhas dimensións variables que oscilaban entre os 2,50 m de lado 3 ou 1,50 de profundidade. Estaban feitos en cantería e cubríanse cunha armazón de madeiras apoiadas nos perpiaños da parede e nun ou máis traveseiros. Este modelo de pío é típico das factorías e almacéns «de segunda xeración», establecidos polos fomentadores cataláns para procesar sardiña dun xeito practicamente industrial. Todos seguen un patrón prefixado, polo que sabemos que se agrupaban nun espazo chamado «chanca» situado a carón do patio (o «claro») e a área de prensado (o «morto»), e por detrás da casa vivenda do fomentador.

Este pío apareceu totalmente desmontado, agás unha parede, e tampouco se conservaban os seu xemelgos, cos que conformaba a «chanca».



Deseño da parede do pío de salgadura



Localización da praia fósil nas cotas baixas dunha das sondaxes

#### CONSECUENCIAS E VALORACIÓN

En definitiva, a valoración que podemos facer da intervención non pode ser máis positiva, xa que se cumpriron sobradamente os obxectivos para os que fora deseñada, dos que o principal era a documentación e a valoración do rexistro arqueolóxico existente no soar. Neste sentido, debemos dicir que a intervención, pese a non descubrir restos arqueolóxicos de interese, foi capaz de documentar que na parcela actual houbo os restos dunha salgadeira contemporánea, moi alterados e practicamente desaparecidos.

Resumindo, pódese planear a seguinte secuencia: a comezos do século XIX un fomentador catalán instala un almacén de salgadeira no actual número 91 da rúa Montero Ríos. Como ben testemuña a fachada desmontada, cun gran balcón con canzorros moldurados barrocos, para a instalación da casa-vivenda mercou e adaptou un edificio xa existente. Na parte traseira débéronse construír e montar todas as instalacións precisas para o procesamento da sardiña, como era norma neste tipo de factorías protoindustriais. A factoría estivo plenamente activa durante os «días de viño e rosas» do salgado galego, a segunda metade do século XIX, pero non foi capaz de superar a gran crise da primeira década do século XX, cando a escaseza de sardiña obriga a desprazar os barcos a outras zonas e se venden, desmantelan ou traspasan moitas industrias. Este é o caso da existente neste número 91 da rúa Montero Ríos, xa que o edificio é adquirido en 1910 por un membro da burguesía local, D. Agustín García, que liquida a área produtiva, desmantelando e retirando píos de salgadura, mortos, pozos de saín ou encascadores. Con seguridade, reutilizou os restos pétreos de boa cantería e reencheu o espazo con terra negra húmica, probablemente traída da zona da Xunqueira. A consecuencia destas obras, foron moi poucos os restos que sobreviviron da vella salgadeira, aínda que teñen o valor de representar o que foi o gran activo da vila de Bueu durante os dous últimos séculos: a explotación dos recursos do mar e a industria conserveira.